



**CONCELLO DE
OLEIROS**

ANUNCIO

PROCESO SELECTIVO DE 6 POSTOS DE PERSOAL SOCORRISTA TERRESTRE

Logo de realizar a proba de coñecemento de lingua galega a cada unha das aspirantes que superaron os exercicios previos da fase de oposición e que non acreditaron ter superados os estudos conducentes á obtención do certificado de lingua galega CELGA 3, tal e como está previsto nas bases específicas da convocatoria para a contratación, en réxime laboral temporal, de 6 postos de persoal socorrista terrestre para a campaña “SALVAMENTO NAS PRAIAS 2019” do Concello de Oleiros, o Tribunal acorda:

Primeiro.- Outorgar as seguintes puntuacións correspondentes á valoración da proba de coñecemento da lingua galega:

APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN
FERNÁNDEZ RÍOS, MARÍA	****2320-G	Apta
USOVA, VELGA	****1604-T	Apta

Segundo.- Corrixir a puntuación acadada na fase de concurso pola aspirante Gema Baneira Ouréns, con DNI nº ****6806-D, ao valorar a acreditación da formación actualizada no manexo de desfibriladores de xeito que a puntuación acadada na antedita fase é de 2,6 puntos.

Terceiro.- Á vista dos resultados obtidos nestas probas publícase a listaxe -por orde de puntuación- coas puntuacións parciais e totais acadadas no proceso selectivo de referencia:

Apellidos e nome	DNI	Concurso	Proba de coñecementos	Proba práctica	Total
LÓPEZ GARCÍA, RUBÉN	****9989-H	4,0	20,0	17,0	41,0
BANEIRA OURÉNS, GEMA	****6806-D	2,6	20,0	18,0	40,6
RODRÍGUEZ ARES, FRANCISCO	****8857-V	3,75	20,0	12,0	35,75
USOVA, VELGA	****1604-T	3,0	13,33	18,0	34,33
NÚÑEZ FRAGA, VANESSA	****3987-B	0,0	20,0	12,0	32,0
UZAL GARCÍA, ALBA	****5995-L	0,0	16,0	12,0	28,00
FERNÁNDEZ RÍOS, MARÍA	****2320-G	3,0	13,33	10,0	26,33

Cuarto.- O Tribunal declara que superaron o procedemento selectivo e, por conseguinte, decide elevar ao órgano competente a proposta para a contratación en réxime laboral temporal como persoal socorrista terrestre ás seguintes persoas aspirantes:

- 1.- López García, Rubén
- 2.- Baneira Ouréns, Gema





CONCELLO DE OLEIROS

- 3.- Rodríguez Ares, Francisco
- 4.- Usova, Velga
- 5.- Núñez Fraga, Vanessa
- 6.- Uzal García, Alba

Quinto.- As persoas aspirantes citadas no punto anterior deste anuncio deberán comparecer nas dependencias da Área de Persoal e RRHH do Concello de Oleiros, sita no parque Víctor Jara s/n (Oleiros) o día 12 de xuño de 2019 en horario de 8:30 h a 14:15 h e presentar a documentación prevista no punto 11 das bases xerais da convocatoria xunto cunha fotografía tamaño carné e os datos bancarios.

Non será necesario presentar a dita documentación cando xa o fixeran no prazo de presentación de solicitudes ou xa conste no Concello por contratacións anteriores.

As restantes persoas aspirantes, por orde puntuación acadada, pasarán a formar parte dunha listaxe de reserva, segundo establece o punto 12 das bases xerais da convocatoria.

As persoas propostas para a contratación laboral –que en consecuencia superaron o proceso selectivo– deberán asistir a unha xuntanza informativa e de prevención de riscos laborais o **venres día 14 de xuño de 2019 ás 10:00 h**, que terá lugar no salón de actos sito no cuarto andar do edificio da Facenda Municipal (avda. Francisca Herrera nº 3, Oleiros).

Este acto non pon fin á vía administrativa, e poderá ser recorrido en alzada perante a Alcaldía do Concello de Oleiros. O recurso deberá interpoñerse no prazo dun mes que comezará a contar desde o momento da notificación ou publicación da adopción deste acordo. Todo iso de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/15, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Oleiros, 11 de xuño de 2019

O secretario do Tribunal

Ramón A. Mosqueira Rodríguez

